



(F\_TPS\_45)

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

### HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
14/08/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	241	18/08/2008
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011

### SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [informatica@concellodemonforte.com](mailto:informatica@concellodemonforte.com) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA _____	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE _____	3
ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO _____	3
ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA _____	3
ARTIGO -5- DEVEÑO E PAGO _____	3
ARTIGO -6- INFRACCIÓN E SANCIONS _____	3
DISPOSICIÓN FINAL _____	3

## ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

---

De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais o Concello de Monforte establece a Taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas municipais

## ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

---

Constituirá o feito impoñible da taxa, a prestación do servizo de Escolas Deportivas Municipais

## ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO

---

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que resulten matriculadas como alumnos das escolas deportivas municipais e se beneficien, por tanto, dos servizos prestados polas mesmas

## ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA

---

O importe das tarifas para cada actividade do curso escolar é o seguinte:

1. Actividade - curso /alumno: 92,70
2. Os alumnos que pertencen a unha familia numerosa terán unha bonificación na cota do 50%

No momento da formalización da matrícula deberá xustificarse a pertenza a familia numerosa mediante achega dunha copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

## ARTIGO -5- DEVEÑO E PAGO

---

A taxa deveñase no momento de solicitar a formalización da matrícula de cada curso escolar. O pago da mesma efectuarase mediante padróns.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, á actividade non se prestara, procederá a devolución do importe correspondente.

Cando a causa, da non asistencia ao curso, sexa imputable ao suxeito pasivo, non procederá prorrateo da cota tributaria, procedendo o cobro total do curso.

## ARTIGO -6- INFRACCIÓNS E SANCIONS

---

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estase ao disposto na Lei Xeral Tributaria

## DISPOSICIÓN FINAL

---

A presente Ordenanza Fiscal, entrou en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Aprobada provisionalmente polo Pleno do día 14 de agosto de 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 241 de 18 de outubro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011

Monforte de Lemos, febreiro 2016

O Alcalde, José Tomé Roca

